



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

Proposta de nomeamento dunha praza de técnico/a de turismo

O alcalde por resolución, ditada o día 25 de maio de 2026, resolveu o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Proposta de nomeamento dunha praza de Técnico/a de Turismo reservada a persoal laboral fixo discontinuo, no marco do proceso selectivo para a cobertura en propiedade por quenda libre e en execución da Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Miño para o ano 2025.

En data 25 de maio de 2026 publícase no Taboleiro de anuncios do Concello de Miño e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, a puntuación definitiva do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de Técnico/a de Turismo por quenda libre, reservada a persoal laboral fixo discontinuo, en execución da Oferta de Emprego Público Ordinaria do Concello de Miño para o ano 2025 aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19 de marzo de 2025 (BOP núm. 56 do 24.03.2025).

Vista a proposta do tribunal de selección da relación de persoas que superaron o proceso selectivo, e de conformidade co establecido na base décima das bases da convocatoria, esta Alcaldía e en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, pola presente, resolve:

Primeiro.- Propoñer como persoal laboral fixo discontinuo do Concello de Miño, a seguinte aspirante aprobada no proceso selectivo convocado da praza de **TÉCNICO/A DE TURISMO**:

Denominación da praza	Tipo	Nomeado
Técnica de Turismo	Laboral fixo discontinuo	Constanza Fernández-Couto Tella (DNI: **6610***)

Segundo.- Conceder un prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no BOP, para presentar no Rexistro xeral do Concello de Miño os documentos establecidos na base décima das bases reguladoras do proceso de selección.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e dar conta da presente resolución ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.“

O que se fai público para xeral coñecemento, e faise saber que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra a mesma poderase interpor os recursos que a continuación se citan:

a) O recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou o contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, contados en ambos os casos dende o día seguinte á notificación da presente resolución.

b) Calquera outro que estime oportuno (Art. 194 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, do 28 de novembro de 1986 e 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

En Miño, a 25 de maio de 2026

O alcalde

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

2026/3456